

# Iliescu

## Description

En Rumanía todo está aínda por facer. Os dez últimos anos caracterizaronse polo agravamento da situación económica e social e o marasmo político. Nin os partidos, nin a sociedade, nada evoluciona aquí, todo semella ir a contratempo. Apadriñada por Occidente como Iugoslavia en tempos da guerra fría, agora, no vermello do descalabro, nada invita ao optimismo en Bucarest. Os comicios do pasado domingo simplificaron a elección entre o malo e o peor, entre Ion Iliescu, presidente entre 1990-1996, e Vadim Tudor, un demagogo ultranacionalista e antigo adúlador de Ceaucescu. A alianza vencedora nos comicios de 1996, unha coalición de cristiano-demócratas, liberais, e outros partidos menores, incluída a minoría húngara, dicíase chamada a impulsar unha segunda revolución, pero todas as presas se lle foron en dilapidar un notable capital de confianza social. Máis ca nunca, a sociedade rumana viralle as costas ás institucións.

Iliescu non convence en Occidente polo seu inmovilismo e autonomía. Servíalle petróleo a Milosevic nos anos de vixencia do embargo internacional contra Belgrado. Pero un trunfo de Tudor podería desestabilizar boa parte da rexión con consecuencias inmediatas para Hungría e Moldova. E dos conflitos dos Balcáns aínda sen concluír poderíamos pasar, sen apenas pausa, aos conflitos dos Cárpatos sempre a punto para emerxer.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Novembro 28, 2000

## Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 2000-11-28 00:00:00